

D I T A M E

Ditame
2/09

sobre o proxecto de **Decreto** polo que se regulan as
axudas rexionais ao investimento e ao emprego
na Comunidade Autónoma de Galicia
en aplicación do Regulamento (CE) 800/2008, da Comisión,
de 6 de agosto de 2008, polo que se declaran
determinadas categorías de axuda compatibles
co mercado común en aplicación dos
artigos 87 e 88 do Tratado CE



APROBADO POLO PLENO O 15 DE XULLO



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

ANTECEDENTES

1.- En data 1 de xuño de 2009 tivo entrada no Consello Económico e Social un oficio da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia remitindo, para o seu ditame (segundo o art. 5º.1.2 da Lei 6/1995), polo procedemento de urxencia, o proxecto de Decreto/2009, de ...de..., polo que se regulan as axudas rexionais ó investimento e ó emprego na Comunidade Autónoma de Galicia en aplicación do Regulamento (CE) 800/2008, da Comisión, de 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE.

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e sectores produtivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Ao mesmo tempo, en cumprimento do establecido no Regulamento de réxime interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

3.- O día 2 de xuño, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 1 para o día 8 de xuño, co fin de programar as sesións e iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 3/09, acorda aprobar a proposta de ditame, con data 6 de xullo, e remítea ao presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 2/09, do 15 de xullo, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

Sobre o Proxecto de Decreto polo que se regulan as axudas rexionais ó investimento e ó emprego na Comunidade Autónoma de Galicia en aplicación do Regulamento (CE) 800/2008, da Comisión, de 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE .

ESTRUTURA E CONTIDO

O proxecto de decreto sometido a ditame ten por obxecto regular as axudas rexionais ao investimento en aplicación do Regulamento (CE) 800/2008, da Comisión do 6 de agosto de 2008.

O proxecto de decreto consta dun preámbulo, catorce artigos, unha disposición adicional, unha disposición transitoria, unha derogatoria e tres disposicións finais. Así mesmo contén un anexo no que se establecen as porcentaxes máximas das axudas.

No conxunto do articulado, o proxecto de decreto recolle: o ámbito de aplicación sinalando que a súa finalidade é regular o réxime xurídico das axudas a proxectos xeradores de investimento e emprego; as actividades excluídas da súa aplicación; as empresas beneficiarias e os proxectos e conceptos de investimento e emprego subvencionables; as modalidades, intensidade e contía das axudas; os criterios de priorización, obrigas das empresas beneficiarias e efectos do seu incumprimento; xestión, rexistro e compatibilidades con outras axudas; o seguimento e control da aplicación do decreto e o réxime de notificacións preceptivas á Comisión Europea.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- En relación á mención que se realiza no penúltimo parágrafo da **exposición de motivos** do proxecto, aludindo ao contexto do Marco Estratéxico de Converxencia Económica de Galicia, cabe sinalar que o MECEGA, no seu momento, non foi sometido ao ditame do CES de Galicia nin tampouco se convocou á Mesa de Cooperación para estes efectos.

2.- O CES considera que na exposición de motivos debería indicarse que o proxecto de decreto foi sometido a ditame do CES.

3.- O CES aprecia na redacción do proxecto de decreto unha técnica xurídica pouco afortunada: en tanto que determinados artigos replican a literalidade dos preceptos do Regulamento, outros fano parcialmente, introducindo dúbidas na súa interpretación. Cómpre ter en conta, ademais, que a Disposición adicional fai unha remisión en bloque á devandita norma, que é de aplicabilidade directa e non precisa de transposición.

4.- O CES considera que, polo que atinxe á oportunidade e ámbito da norma, debe sinalar que a Unión Europea conta cun Regulamento xeral de exención por categorías (núm. 800/2008 do 6 de agosto), que establece as condicións que deben reunir determinadas categorías de axuda (entre elas as rexionais de investimento e de emprego) para eximir da obriga de notificación previa á Comisión Europea destes establecida no artigo 88.3 do Tratado CE.

O proxecto de decreto non establece unhas bases reguladoras para determinadas axudas, xa que non concreta suficientemente os aspectos que estas deben conter necesariamente, senón que parece unha disposición de rango superior, que afectará ás bases reguladoras e as correspondentes convocatorias de axudas que se aproben polos diferentes departamentos da Xunta de Galicia.

En tanto que se trata de norma de rango xeral, cabe dicir que o proxecto non achega elementos abondo diferenciais que xustifiquen a súa existencia, xa que case a totalidade do seu contido, e en termos idénticos, replica os artigos do Regulamento xeral de exención por categorías no que atinxe ás axudas rexionais ao investimento e o emprego e, en aqueles apartados que non o fai, refírese a cuestións que poderían ser perfectamente abordadas polas bases reguladoras de cada axuda en particular e outras que xa están reguladas nas disposicións vixentes en materia de axudas públicas.

Débese ter en conta que os Regulamentos da UE son normas de eficacia xeral e directamente aplicables, que non requiren unha transposición estatal ao nivel competencial axeitado de cada país, senón que son directamente aplicables e invocables ante a xustiza consonte ao principio de primacía do dereito comunitario, prevalecendo sobre as normas estatais e autonómicas.

O CES entende que o proxecto de decreto non esgota todas as posibilidades de “financiamento rexional ao investimento e ao emprego”, xa que sería posible o deseño de axudas que, á marxe das estritas condicións establecidas polo Regulamento xeral de exención por categorías, sexan de igual xeito compatibles cos artigos 87 e seguintes do Tratado CE, aínda que puidesen requirir dunha notificación ou procedemento distinto.

Este aspecto debería quedar claro tanto na exposición de motivos coma no propio texto do decreto, xa que durante o período de vixencia do Regulamento 800/2008 do 6 de agosto, pode ser necesario poñer en marcha outros instrumentos en materia de investimento e emprego.

Así como o Regulamento xeral de exención por categorías enumera uns requisitos con carácter xeral para as axudas exentas de notificación previa á Comisión Europea e a posteriori especifica requisitos concretos para numerosas categorías de axuda, o proxecto de decreto limita o seu ámbito de aplicación ás axudas rexionais ao investimento e ao emprego. Non queda claro cales serán as axudas afectadas por este decreto e cales non.

En todo caso, o CES considera que en materia de investimento e emprego, nos términos establecidos por este decreto, poderían quedar fóra proxectos subvencionables e liñas de axuda vixentes ata agora e restrinxiría gastos subvencionables admisibles e que ata agora eran normalmente aceptados.

5.- En función das reflexións antes expostas, o CES recomenda á Administración sopesar a procedencia de promulgar esta norma, polos riscos que comporta en canto a establecer restricións que poden ir máis alá das que impón o Regulamento 2008/800 CE e a inseguridade xurídica que pode producirse.

O CES considera que, no caso de seguir a súa tramitación o presente proxecto normativo e para maior seguridade xurídica das persoas administradas, non debería aplicarse retroactivamente ás persoas solicitantes que presentasen as súas propostas antes da súa entrada en vigor.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2009

Vº e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Eliseo Sastre Serrano



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org